



DOSSIER DE PATROCINIO





SOBRE NÓS

O Club

Naceu en 2019 co obxectivo de consolidarse como unha entidade independente e especializada neste deporte tras separarse do Club Natación Coruña. Actualmente, conta con 71 deportistas de entre 7 e 25 anos e compite na Liga Galega de Waterpolo. Máis alá dos resultados, o club posicionase como unha entidade seria e profesional, onde a formación e o desenvolvemento persoal dos seus xogadores son a prioridade.

Os seus valores

Os valores do CWCRA céntranse na superación persoal e na procura constante da excelencia. Cremos que o verdadeiro éxito reside na capacidade de esixirse o mellor de un mesmo e superar os propios límites. Con valores como o compromiso, a disciplina e a autocrítica, preparamos aos nosos xogadores para seren non só mellores deportistas, senón tamén mellores persoas.

O Futuro

Actualmente, o club atópase nun proceso de crecemento e profesionalización, co obxectivo de consolidar a súa estrutura dun xeito sostible no tempo. A meta é fortalecer a súa canteira, aumentar o seu impacto no panorama deportivo e seguir ofrecendo un entorno onde os deportistas poidan acadar o seu máximo potencial nun ambiente de respecto, excelencia e paixón polo waterpolo.

¿POR QUÉ PATROCINAR AO CWCRA?



Apoio ao Deporte Local

O waterpolo é un deporte en crecemento que precisa do respaldo de empresas comprometidas co desenvolvemento do talento local. Co seu patrocinio, as marcas contribúen directamente ao fortalecemento do deporte na rexión, axudando a que mozos e mozas deportistas poidan adestrar en mellores condicións e competir en torneos de maior nivel.

Asociación con Valores Positivos

O Club Waterpolo Coruña Rías Altas representa valores como a disciplina, o compromiso e a mellora continua. Asociarse co club permite ás empresas reflectir estes principios na súa propia identidade corporativa, xerando unha imaxe de marca máis próxima, responsable e alineada co deporte e a xuventude.

Comunidade de Potenciais Clientes

O club conta cunha base de deportistas e familiares que forman unha comunidade fiel e activa. Os patrocinadores poden aproveitar esta rede a través de acordos exclusivos, descontos ou promocións dirixidas aos membros do club, xerando oportunidades de negocio e fidelización de clientes.

Exposición en Redes Sociais

O club ten unha presenza activa nas redes sociais, con publicacións regulares sobre adestramentos, competicións e eventos. Como patrocinador, a empresa terá exposición constante nestes canles, aumentando a súa notoriedade e conectando cunha audiencia interesada no deporte. Ademais, o club pode xerar contido específico para dar visibilidade aos seus patrocinadores, como mencións, colaboracións e campañas conxuntas.

Perspectiva de Crecemento

O club atópase nunha fase de expansión e busca consolidarse como unha entidade de referencia no waterpolo galego e nacional. Esta evolución pode abrir futuras oportunidades máis lucrativas para os patrocinadores, que estarán posicionados dende o principio nun proxecto con gran potencial de crecemento.

OPCIONES DE PATROCINIO

Principal Máxima visibilidade e exclusividade

- Logo nos gorros de competición.
- Logo nas camisetas oficiais do club*.
- Presenza en vallas publicitarias nos partidos como local.
- 5 Publicacións nas redes sociais con mención á empresa.
- Logo na web do club na sección de patrocinadores.

832,84€

Premium Exposición en medios e materiais do club

- Logo nas camisetas oficiais do club*.
- 3 Publicacións nas redes sociais con mención á empresa.
- Logo na web do club na sección de patrocinadores.

desde **350€**

Colaborador Máis accesible para apoiar o club

- 1 Publicación nas redes sociais con mención á empresa.
- Logo na web do club na sección de patrocinadores.

200€

*Tamaño e posición en función do prezo negociado.

COMO CONVERTERSE EN PATROCINADOR

Póñase en contacto con nós a través de calquera dos medios que facilitamos a continuación:



cwcoruna@gmail.com



+34 601 50 93 02

GRAZAS

